



Avenida Rodríguez de Viguri, 16 baixo
15703 Santiago de Compostela Galiza
Tfne. 981555850 Fax 981555851
sedenacional@bng.gal

Alberto Núñez Feijoo
Presidente Partido Popular de Galicia

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2016

Prezado Alberto:

O Parlamento de Galiza, aprobou a finais da IX Lexislatura, a “Proposición de Lei Orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galiza”.

Esa iniciativa recibiu o respaldo de todas as forzas políticas representativas en Galiza e foi remitida para continuar a súa tramitación e aprobación final polas Cortes Xerais.

No día de hoxe coñecemos o rexeitamento do Goberno do Estado á súa tramitación. A través dunha comunicación ao Congreso manifesta, dun xeito parco, que non presta conformidade a que poida ser sequera debatida, impondo dese xeito un voto inxustificado a que unha iniciativa consensuada na Cámara representativa das galegas e galegos se estude, analice e vote nas Cámaras Lexislativas do Estado.


As razóns esgrimidas para ese voto son, ademais, totalmente absurdas, ao fundarse en motivos orzamentarios relativos ao exercicio de 2016, sendo que neste ano iniciaríase a súa tramitación, e no caso de que a aprobación, nos termos que se produza no seu día, teña repercusións orzamentarias non será en ningún caso en dito exercicio económico que está a punto de expirar, senón en vindeiros anos, dados os prazos de tramitación parlamentaria que deben cumplimentarse antes da aprobación final.

Ante a importancia de dita transferencia para Galiza, e dado que as forzas políticas representativas de Galiza, entre elas a que vostede representa, avalamos a iniciativa parlamentaria que lle daría soporte para a efectividade da transferencia da AP-9 a Galiza, facemos un chamamento para artellar unha fronte común de todas as forzas políticas de Galiza para defender a vixencia da “Proposición de Lei Orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galiza” nos termos aprobados polo Parlamento de Galiza, para asegurar a súa tramitación e facer valer ante o Goberno Central e as Cortes Xerais o dereito á súa tramitación e votación.

Ademais de defender ese elemental dereito democrático a que unha iniciativa de tanta importancia para Galiza sexa debatida e sometida a consideración do Congreso e do Senado, non simplemente a ser arquivada sen ter a oportunidade de a poder facer valer, tamén quero fazer un chamamento a manter a coherencia expresada no seu día polas forzas representativas galegas, a fin de perseverar conxuntamente até que se produza a súa aprobación final e conseguir que unha infraestrutura pública esencial para a vertebración da nosa nación sexa competencia das institucións propias, e poder ter un control pleno da súa xestión.

Agardamos que esta iniciativa sexa acollida favorablemente pola súa parte e pola organización que vostede representa, quedando á súa disposición para impulsar as medidas necesarias a fin de deseñar unha resposta acaída desde Galiza para manter viva a tramitación e aprobación final do traspaso da titularidade e competencia da AP-9.

Aproveito a ocasión para enviarlle un atento saúdo,



Ana Belén Pontón Mondelo
Portavoz Nacional do BNG